



## CONCELLO DE A BOLA (OURENSE)

Campo de Veiga, Nº 4. C.P. 32812 – A BOLA  
Tel. 988 45 12 93 Fax. 988 451100

# BANDO

**MARÍA TERESA BARJE BELLO, ALCALDESA-PRESIDENTA DO  
CONCELLO DE A BOLA (OURENSE).**

### INFORMA:

Que a Xunta de Galicia (Instituto Galego de Vivenda e Solo) convoca as bases reguladoras aplicables á concesión das subvencións **do Programa de Axudas de rehabilitación de vivendas no rural** (códigos de procedementos VI501A).

### OBXECTO

Prestar apoio ás obras de rehabilitación, terminación e/ou ampliación que se realicen en vivendas situadas en Concellos de menos de 5.000 habitantes da Comunidade Autónoma de Galicia, así como as actuacións dirixidas ao cambio de uso de locais e entreplantas situados nos mesmos, para destinalos á residencia habitual e permanente das persoas propietarias e/ou usufrutuarias ou á alugueiro.

### ACTUACIÓNS SUBVENCIONADAS

1. Execución de obras de rehabilitación, terminación e/ou ampliación de vivendas, así como as actuacións dirixidas ao cambio de uso de locais en entreplantas destinados á vivenda.
  - Accesibilidade, conservación, habitabilidade, sustentabilidade e eficiencia enerxética das vivendas.
  - Actuacións de medición e execución de obras que eviten a entrada do gas radon e a adopción de medidas que garantan a súa eliminación no interior das vivendas.
2. O custo das actuacións subvencionables poderá incluír honorarios dos profesionais que interveñan, custo de redacción de proxectos, informes



## **CONCELLO DE A BOLA (OURENSE)**

Campo de Veiga, Nº 4. C.P. 32812 – A BOLA  
Tel. 988 45 12 93 Fax. 988 451100

---

técnicas e certificacións necesarias, e outros gastos xerais similares debidamente xustificados. Poderá incluír gastos derivados de impostos, taxas e tributos xustificados.

### **REQUISITOS DOS INMOBLES**

Os inmobles deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Estar situados en concellos de menos de 5.000 habitantes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Destinados a residencia habitual e permanente das persoas propietarias e/ou usufrutuarias ou a alugueiro durante un prazo mínimo de 5 anos.
- No caso de destinar a vivenda á alugueiro, a vivenda deberá incorporarse ao programa Fogar Vivo da Comunidade Autónoma de Galicia.

Así mesmo, os contratos de alugamento deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Estar sometidos a lexislación vixente en materia de arrendamentos.
- Que non exista vínculo de parentesco de consanguindade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo coa persoa arrendadora.
- Que teña unha renda mensual durante o primeiro ano de alugamento que non supere os importes previstos para o Programa Fogar Vivo, en función do Concello onde se sitúe a vivenda.

### **PERSOAS BENEFICIARIAS**

Persoas físicas propietarias ou usufrutuarias de inmobles situados en concellos de menos de 5.000 habitantes cuxos ingresos non superen 6,5 veces o



## CONCELLO DE A BOLA (OURENSE)

Campo de Veiga, Nº 4. C.P. 32812 – A BOLA  
Tel. 988 45 12 93 Fax. 988 451100

---

IPREM. No caso de vivendas destinadas a alugueiro, concederáse un máximo de tres axudas por persoa solicitante.

### DOCUMENTACIÓN

O trámite realizarase en liña e deberase aportar a seguinte documentación:

1. De ser o caso, documentación acreditativa da representación da persoa que actúe no nome da persoa solicitante (modelo normalizado)
2. Escritura pública, certificado, nota simple rexistral ou calquera outro documento que acredite a titularidade da propiedade ou do usufruto do inmovible, no caso de que a persoa solicitante non conste como titular catastral.
3. Anexo II, de declaración responsable e comprobación de datos das demais persoas propietarias ou usufrutuarias do inmovible, de ser o caso, así como da súa conformidade coa solicitude da subvención. Neste suposto deben figurar todas as persoas propietarias ou usufrutuarias ata completar o 100 % da propiedade ou usufruto.
4. Anexo III, de declaración responsable da/das persoa/s propietarias e/ou usufrutuarias para o suposto de destinar a vivenda a súa residencia habitual e permanente, no caso de non estar obrigados a presentar a declaración do IRPF, acompañado, no seu caso, da seguinte documentación:
5. Certificado de retribucións e retencións da empresa ou empresas nas cales estivese de alta no devandito exercicio.
6. Certificado de pensións ou prestacións periódicas, emitido polo correspondente organismo oficial, no caso de non ser outorgadas polo Instituto Nacional da Seguridade Social (en diante, INSS).
7. Certificados bancarios de rendementos do capital mobiliario.



## **CONCELLO DE A BOLA (OURENSE)**

Campo de Veiga, Nº 4. C.P. 32812 – A BOLA  
Tel. 988 45 12 93 Fax. 988 451100

---

8. Reportaxe fotográfica do estado actual do inmovible, preferentemente en cor, respecto das actuacións para as que se solicita a axuda.
9. Memoria-programa da actuación, con indicación do orzamento detallado da actuación para a que se solicita a subvención e a programación temporal e pormenorizada da actuación.
10. Licenza municipal de obras, no caso de que sexa necesaria pola actuación que se vai realizar. No suposto de non contar aínda con ela, achegarase a correspondente solicitude de licenza.
11. Comunicación previa ao concello, cando a actuación non estea sometida a licenza. No caso de ter transcorridos máis de quince días hábiles, contados desde a data da presentación da comunicación previa ao concello, acompañarase dunha declaración responsable de non ter sido requirido para a súa emenda.

### **CONTÍA DA AXUDA**

As axudas serán do 75% do orzamento, sen que poda superar os 30.000 euros por vivenda.

### **PRAZO DE SOLICITUDE**

Dende o 20 de xaneiro de 2026 ata o 1 de setembro de 2026.

A Bola, 13 de xaneiro de 2026.

A Alcaldesa